



## ACTIVIDADES PARA ANTES E DESPOIS DA LECTURA

Contar e ler contos sempre estimula o desenvolvemento da imaxinación e as habilidades lingüísticas. Máis adiante veremos que non só faremos dos nosos fill@s uns auténticos devoradores de libros senón que contarán cun amplo vocabulario necesario para un óptimo desenvolvemento das destrezas orais e escritas en etapas futuras.

Para favorecer a atención e a concentración sobre o que imos contar propoñémosvos:

- Presentar un debuxo do protagonista do conto e facerlle preguntas sobre o seu aspecto: *Cómo ten o pelo?, É alto ou baixo?, Qué roupa leva?, Como che parece que está triste, cansado, contento,...*?
- Unha vez lido o conto podemos facer preguntas directas do tipo: *Como se chamaba? A onde iba?, Que lle pasou?, Gustouche o final?* ou ben cambiar unha farse do conto por unha contraria e tratar de que pensé si é verdadeira ou falsa.
- Xogar ao “**Vexo vexo**” coas ilustracións *Vexo, vexo unha cousiña de cor ....*
- Adiviñar palabras que aparecen no conto e que empecen por unha letra
- **Quen é quen?** Describimos a un personaxe e teñen que adivinar de quen se trata.